

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2009.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día vinteún de setembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 18 DE AGOSTO DE 2009. ADOPCION DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta plenaria da sesión de data 18 de agosto de 2009.

Polo Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de

data 18 de agosto de 2009.

Coa autorización da Presidencia, e antes de entrar no debate e votación do punto 2 da orde do día, polo Secretario Municipal informase á corporación a existencia dun erro material na transcripción da documentación obrante no devandito expediente, que afecta igualmente ó teor literal do punto 2º da orde do día da presente sesión, toda vez que no momento de reflectir na documentación do expediente o importe total que acada o financiamento do proxecto de inversión 33/09 “Canalizacións e pavimentación de aceras na Urbanización Palmeiro (con cargo á partida orzamentaria de gasto 432.611)”, a partir do presuposto de execución material de dita obra, só se engadiu ó mesmo o importe do 16% correspondente ó IVE, máis por erro non se computou nin engadiu o 19% que preceptivamente corresponde a gastos xerais (13%) e beneficio industrial (6%).

Efectuadas as correccións correspondentes, resulta que o importe total do expediente nº 17/2000 de modificacións de crédito do orzamento municipal de 2009 acada os 368.146,82€.

A corporación dáse por enterada.

2º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2009, Nº 17 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 368.146,82€). APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente de modificación de crédito citado.

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables de dito expediente, incidindo no feito de que tódalas partidas presupostarias que se suplementan van financiar proxectos de inversión, e ningunha delas, gasto corrente ou ordinario.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que este expediente ven motivado fundamentalmente, dunha banda polo retraso, debido á celebración de eleccións autonómicas no

mes de marzo, na comunicación das subvencións concedidas ó Concello de xeito que ata fai poucas datas non se sabía cal ía a se-la cantidade a aportar polo Concello, e doutra banda, pola conveniencia de rematar obras que actualmente estanse executando.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vai votar favorablemente, por considerar razoables os argumentos do Sr. Alcalde e considerar igualmente razoables as obras que se van a financiar con cargo a este suplemento de crédito.

Polo Sr. Fernández Bouza, manifestase que tamén vai votar a favor, máis deixando constancia de que na súa opinión a Xunta de Portavoces tiña que ter sido convocada para analizar estas inversións, que en calquera caso reflicten unha certa improvisación por parte do grupo de goberno.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase á súa intención de votar favorablemente, sinalando que na súa opinión as continuas modificacións de crédito que se están a tramitar (nesta sesión estase a debater o expediente nº 17) denotan unha evidente falla de planificación das inversións por parte do Grupo de Goberno.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a modificación de crédito nº 17/2009 do vixente orzamento municipal, por importe de 368.146,82€, e someter dito acordo ó preceptivo trámite de información pública, por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de reclamacións ou alegacións durante dito prazo, suporá a elevación a definitivo do presente acordo de aprobación inicial.

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis importantes da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente.

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN SOBRE A RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ven de comunicar que a partires do 1 de setembro de 2009 procederase ao cesamento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos concellos adheridos.

O cesamento na prestación do servizo de retirada de residuos voluminosos por parte de SOGAMA, para o seu posterior tratamento, prodúcese de xeito unilateral, sen ningún tipo de negociación previa cos concellos afectados, que a partir do 1 de setembro terán que facerse cargo, individualmente, da recollida e entrega deste tipo de residuos a un xestor autorizado.

Con este anuncio, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) podería estar a incumprir as condicións pactadas cos concellos no momento da súa adhesión, sen que nin a Xunta nin a propia SOGAMA ofrezan ningunha solución alternativa e viábel aos Consellos afectados, que, ademais de ter que artellar sistemas de recollida, verán como os custes do tratamento destes residuos se incrementan de xeito exponencial.

A falla dun sistema homoxéneo para a retirada destes residuos, xunto co incremento significativo dos custes, precisamente nun momento no que como consecuencia da crise económica e das deficiencias do sistema de financiamento local as facenda municipais están a pasar por situacións moi difíciles, podería derivar na proliferación de vertedoiros incontrolados ou, no mellor dos casos, cando o tratamento se faga conforme á legalidade e por un xestor autorizado, no traslado

do incremento dos custes ao recibo do lixo que terán que soportar os/as veciños/as dos concellos afectados.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.

No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte unha solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados.”

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai apoiar a moción, pero deixando constancia de que o anterior goberno autonómico coñecía desde fai meses, unha vez que se concedeu a autorización medioambiental integrada a SOGAMA, que dita empresa non estaba habilitada legamente para recoller e xestionar este tipo de residuos.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde sinalando que con independencia de que a Xunta de Galicia articule unha alternativa que evite que sexan os concellos os que teñan que financiar os elevados custos supón a recollida e tratamento de residuos voluminosos, o que resulta cada vez máis evidente é que e prioritario e urxente estudar e aprobar un novo modelo de xestión do Punto Limpo Municipal, xa que co sistema actual, o Concello de Xove está asumindo a recollida e xestión de toda clase de residuos procedentes en moitos casos doutros concellos.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase igualmente o seu apoio á moción do epígrafe.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A RETIRADA DA MADEIRA DERRUBADA POLO CICLÓN KLAUS. ADOPCION DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e explícanse os aspectos máis importantes da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente.

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

EXPÓN: Na xuntanza da Mesa da Madeira celebrada para avaliar as consecuencias do ciclón Klaus a Consellaría de Medio Rural comprometeuse cos propietarios forestais a proceder a retirar a través de SEAGA a madeira derrubada polo mesmo, iniciando os traballos no mes de Marzo, unha vez que os mesmos habilitaron as zonas para deposita-la.

As comarcas da Mariña e de Ortegal, as máis afectadas polo ciclón Klaus, acumulan a día de hoxe inxentes toneladas de madeira derrubada no monte. Esta concentración de madeira concéntrase de xeito moi particular nos Concellos de Ourel, Vicedo, Viveiro, Valadouro, Cervo e Xove, o que está a provocar a preocupación e a indignación dos propietarios forestais.

Segundo datos feitos públicos pola propia Portavoz de Agricultura do PP, Enma Álvarez a día de hoxe lévanse retirados 23.000 metros cúbicos de madeira –o que representa 43.000 actas- o que supón máis dun 10% do total da madeira que debe ser retirada.

As propias asociacións forestais téñense queixado do incumprimento por parte da administración autonómica dos seus compromisos e do risco que significaba para a actividade forestal así como o perigo que representaba diante da temporada estival.

A este respecto hai que ter en conta que son precisamente os meses de setembro e outubro aqueles nos que no risco de incendio aumenta nas comarcas afectadas ao descender os niveis de humidade como consecuencia da seca que se xera no verán.

SOLICITA

Que o Pleno da Corporación se dirixa a Consellería de Medio Rural a fin de que proceda a retirar a madeira derrubada nos montes do noso Concello como consecuencia dos efectos do ciclón Klaus.”

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai apoiar a moción, pero deixando constancia de que a Consellería de Medio Rural do Goberno autonómico anterior, cun destacado membro do BNG ó fronte, tardou case 4 meses en aprobar e publicar á orde que regulaba as axudas para proceder á retirada da madeira derrubada polo Klaus, coa agravante de que dita orde estaba chea de lagoas legais e ambigüedades que supoñían atrancos practicamente insalvables, sobre todo para retirar madeira derrubada de montes de propiedade privada, igualmente destinaba a cantidade de 2.000.000€ para financiar ditos traballos, cantidade totalmente insuficiente que tivo que ser triplicada ata chegar ós 6.300.000€ polo actual goberno galego, de xeito de que o compromiso de retirar toda a madeira derrubada polo Klaus no presente ano sexa realista e poida ser cumprido.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vai apoiar a moción do epígrafe deixando constancia de que a actuación do anterior goberno autonómico e moi especialmente da Consellería de Medio Rural na xestión da reparación dos danos provocados polo Klaus foi absolutamente caótica.

Polo Sr. Fernández Bouza sinalase que a actuación da Consellería de Medio Rural foi áxil e correcta, xa que con independencia de que a orde regulamentadora das axudas se aprobara no mes de abril, os traballos de recuperación de infraestruturas iniciáronse practicamente o día seguinte do furacán.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que o aumento das consignacións presupostarias para determinadas actuacións de carácter urxente é unha practica absolutamente común en tódalas administracións públicas.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai aproba-la moción do epígrafe.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O BONO SOCIAL DA TARIFA ELÉCTRICA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza dáse lectura e tamén fai unha explicación dos aspectos máis importantes da moción do epígrafe .

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu grupo vai apoiar a moción, máis tendo en conta que desde a Xunta, concretamente desde o INEGA estase levando a cabo unha rigorosa campaña informativa coa edición de 35.000 trípticos informativos coa creación de 5 puntos de formación específicos en tódolos departamentos territoriais da Consellería de Industria e coa creación dun servizo de información especificamente destinado a “pymes”, considera que sería necesario transaccionar o punto 2 da parte dispositiva da moción, que quedaría coa redacción seguinte:

“2.- Instar á Xunta de Galicia a reforzar a decidida campaña informativa posta en marcha polo departamento de enerxía da Xunta tras os cambios na normativa enerxética, tendo en conta a boa acollida da mesma entre os afectados”

Polo Sr. Fernández Bouza aceptase expresamente a proposta plantexada polo Sr. Alcalde.

Rematado o debate, a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe coa modificación anteriormente transcrita, de xeito que teor da mesma sería o que a seguir se transcribe integramente:

“Xesús Xosé Fdez. Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN SOBRE O BONO SOCIAL DA TARIFA ELÉCTRICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liberalización operada no sector eléctrico, lonxe de significar unha mellor prestación do servizo eléctrico nos fogares e abaratar o custe da factura eléctrica para a maioría das economías domésticas, está a ocasionar unha confusión crecente e un incremento no gasto repercutido polo subministro eléctrico á maioría dos consumidores.

A constatación do fracaso da aplicación da política de libre competencia nun servizo esencial para toda a comunidade como o subministro de enerxía eléctrica, onde ademais o abano de empresas comercializadoras redúcese a cinco, ponse de manifesto mesmo na recente normativa reguladora sobre a materia, como é o caso da creación do denominado “bono social”, consistente nunha bonificación na factura eléctrica por unha contía igual á diferenza entre o valor da tarifa de último recurso e unha tarifa reducida, é unha bonificación na factura por unha cuantía igual á diferenza entre o valor da tarifa de último recurso e un valor de referencia ou tarifa reducida co que se pretende corrixir a importante repercusión económica que o novo sistema de tarifas ocasiona na economía da maioría dos consumidores domésticos.

Malia que no limiar do Real Decreto-Lei 6/2009, do 30 de abril, se expresa claramente “...que se require a posta en marcha de forma inminente dun bono social ...”, non é até case que dous meses despois cando se publica a Resolución do 26 de xuño de 2009, da Secretaría de Estado de Enerxía, onde se determina o procedemento de posta en marcha do bono social, e se concretan as persoas beneficiarias da medida: as titulares dun punto de subministro na súa vivenda habitual de 60 ou máis anos de idade que acrediten ser pensionistas do Sistema da Seguridade Social que perciban as contías mínimas, as que acrediten ser familias numerosas, as que acrediten formar parte dunha unidade familiar con todos os seus membros en idade de traballar en situación de desemprego e as que teñan contratada unha potencia menor de 3kv.

Estes potenciais beneficiarios, ademais da demora na publicación e polo tanto posta en marcha efectiva do bono social, están a sufrir atrancos inxustificadas, como incumprimentos das empresas distribuidoras e comercializadoras de enerxía eléctrica no relativo á publicidade do procedemento e o ofrecemento de información exhaustiva, a imposibilidade dunha atención presencial dado o escaso número de empresas comercializadoras existentes, ou mesmo a necesidade de achegar múltiple documentación acreditativa de diversos organismos e administracións públicas, entre eles o Concello.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Político Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello adoptar os seguintes

ACORDOS

1.- Instar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía a adoptaren as medidas necesarias que garantan a extensión a todos os beneficiarios do bono social, e a súa aplicación efectiva nos prazos establecidos pola normativa vixente.

2.- Instar á Xunta de Galicia a reforzar a decidida campaña informativa posta en marcha polo departamento de enerxía da Xunta tras os cambios na normativa enerxética, tendo en conta a boa acollida da mesma entre os afectados.

3.-Ofrecer un servizo de información, asesoramento e colaboración na tramitación da solicitude do bono social, por parte do concello de Xove, onde se facilite ademais dun xeito áxil toda documentación acreditativa que o beneficiario deba obter do concello.

6.- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACION DO SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables da proposta de referencia.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu grupo vai apoiar a a probación da proposta.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase o seu apoio á aprobación da proposta.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase a súa intención de absterse.

Rematado o debate, a Corporación, cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitín Guerreiro, Ben Fernández, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage, a coa abstención do Sr. Fernández Bouza, acorda aproba-la proposta de Alcaldía do epígrafe, a na súa consecuencia a aprobación do acordo regulador do prezo público pola prestación do Servizo de Escola de Música Municipal, que a seguir se transcribe integramente:

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL

I.- FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1º.- Este Concello consonte ó autorizado polo artigo 127 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co previsto no artigo 41 do citado texto legal, establece o prezo público pola prestación do servizo de escola de música municipal, que se regulará polo presente Acordo Regulador.

II.-CONCEPTO

Artigo 2º.- Constitúe o obxecto deste prezo público a prestación do servizo de escola de música municipal.

III. OBRIGADO Ó PAGO

Artigo 3º.- Están obrigados ó pago calquera persoa de natureza física ou xurídica así como as herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que soliciten os servizos a que fai referencia o artigo anterior, e en todo caso, aqueloutras nas que redunde o beneficio derivado da prestación do citado servizo.

IV. OBRIGA DE PAGO

Artigo 4º.- Considérase devengada a exacción no momento da realización da correspondente matrícula.

V. TARIFAS

Artigo 5º.- Establécese unha tarifa única por curso de 30,17 €, á que deberá engadirse o correspondente IVE de 4,83 €, co que o importe a aboar é de 35,00 €.

O importe do prezo establécese con carácter irreducible por curso completo. Só se procederá á súa devolución no caso de renuncias previas ao comenzo das clases ou se por causas non imputables ao aobrigado o servizo non se prestase.

VI. EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artículo 6º.- Non se contempla exención, redución ou bonificación ningunha.

VII. NORMAS DE XESTION

Artigo 7º.- O pago da presente exacción efectuarase mediante autoliquidación no momento de formalizarse a matrícula.

DISPOSICION FINAL

O presente Acordo regulador entrará en vigor e comenará a aplicarse no momento da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa. ”

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Por Secretaría dáse lectura os rogos e preguntas presentados por escrito polo Sr. Fernández Bouza na representación do Grupo Municipal do BNG e as contestacións os mesmos formuladas por escrito polo Sr. Alcalde-Presidente:

Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G. de Xove presenta os seguintes Rogos e Preguntas para o próximo Pleno Ordinario do mes de Setembro.

ROGOS:

1.- No paseo da rota dos muíños, hai varias deficiencias que poden esperar, entre outras cousas porque aínda non está rematado, o que temos que sobrancear e a necesidade de adaptalo inmediatamente para que todos os veciños poidan facer uso del, sin ter que salvar as estacas chantadas no medio do paso, e os aramios de espiños atravesando o río e atados á seve pola que se apoian as maos.

Pedimos que se tomen as medidas oportunas, para que se poida andar con normalidade polo paseo, e evidente que hai que eliminar barreiras. Os aramios de espiño hai que eliminalos do paseo e do río.

Resposta:

Tomase razón do rogo de xeito que continuaranse os traballos de mellora da ruta non obstante; dunha banda é necesario lembrar que estamos a falar dunha ruta peonil e en consecuencia a presenza das estacas ás que se fai referencia non impiden en absoluto a normal utilización da ruta e doutra banda é necesario respectar as propiedades privadas das fincas colindantes.

2.- Hai varios Concellos da Mariña, que anunciaron subvencións para bonos de transporte, para desprazamentos entre os concellos e a universidade, e centros de niveles superiores fora da comarca. Pedimos que para facilitar as visitas dos estudantes os seus fogares, se subvencionen este tipo de bono-bus.

Resposta:

Neste intre probablemente o Concello de Xove sexa o Concello con maior número de axudas e que máis fondos destina á axudas directas ós estudantes (axudas para comedor, transporte, compra de libros e material escolar, etc....) sen esquecer a importante

cantidade de diñeiro que anualmente se destina á concesión de premios ós mellores expedientes académicos. A maiores compre recordar que o Concello de Xove facilita a utilización gratuíta de transporte a tódolos alumnos do Concello que cursan os seus estudos nos centros escolares de Burela, San Ciprian e Viveiro.

Por último tamén é necesario recordar que o Concello de Xove ten un acordo empresa Arriva que ten como obxectivo a través do cal os alumnos de Xove que estudan fora poden acceder a bonobuses con unha redución de prezos.

3.- Na praza do Centro Cívico, derrubouse un acceso, -moi necesario- para o que non deixaron alternativa, primeiro habería que habilitar unha solución e logo, o que vostedes gosten. Solicitamos, que se restaure canto antes, o acceso ó andar do salón de actos para tódalas persoas, o mesmo tempo, queremos chamar a atención do equipo de goberno no referente á sensibilidade cara as persoas maiores e con calqueira discapacidade.

Resposta:

O Concello de Xove xa ten o seu dispor os orzamentos solicitados a tres empresas do sector de xeito que en breve prazo se procederá a instalar un ascensor no túnel de acceso á praza que garanta o acceso de persoas con problemas de mobilidade ó andar do Salón de Actos. A rampa que se suprimiu estaba totalmente infrutilizada entre outras cousas porque incumpría clamorosamente a normativa técnica de aplicación a este tipo de instalación (Por exemplo tiña unha pendente dun 17% e dicir case o dobre da legalmente permitida)

PREGUNTAS:

1.- O Goberno Local, coñece a situación de deficiencia eléctrica en Penasagudas: Hai unhas quince (15) vivendas en Penasagudas que quedaron fóra do plan “ MEGA”. A raíz disto, teñen problemas por conta da baixa potencia, o que lles provoca apagóns e fallos nos diversos aparellos domésticos. Rodeadas de aeroxeradores, nun Concello onde se consume máis enerxía eléctrica que en calquera das cidades do país, rodeados de liñas de alta tensión e indo a parar ás arcas do Concello os impostos correspondentes a este consumo eléctrico, non nos parece axeitado ós tempos que corren, que nestas vivendas só dispoñan de 1100 vatios “nos mellores momentos”.

Todos sabemos que a calidade de vida comeza pola vivenda que cada quen habita, e é moi certo que é difícil atopar no mercado aparellos domésticos que nos poidan ser útiles, e que consuman menos de 1500 vatios (calefactor, ferro, vitrocerámica, lavadora, lavavaixelas, secadora do pelo). E isto sen falar dos aparellos necesarios para os traballos dunha casa de labranza.

Os nosos veciños, que dende hai anos levan sufrindo esta situación, vense obrigados a facer uso de xeradores de gasolina ou diésel, que son unha ruína para a economía familiar. 07/09/2007. Eiqui estamos dous anos despois, no mesmo atraso, a Consellería de industria do Goberno anterior desbloqueou o abuso e declarou ben de interese público a obra que ficaba parada, agora preguntamos:

a/ Que foi das promesas do Goberno Local para solucionar iste problema?

b/ Cando pensan vostedes darlles ós veciños de Penasagudas, o servizo que por dereito lles pertence?

Resposta:

Esta pregunta debería terse feito ós anteriores responsables da Consellería de Industria que en catro anos, a pesar das reiteradas peticións por parte do Concello de Xove, foron

incapaces de desatascar e concluír o expediente ata finais do ano 2008 en que acordaron inicia-la expropiación forzosa dos terrenos de aqueles propietarios que se opoñían ó trazado da línea.

Na actualidade dito expediente expropiatorio xa esta en marcha a falla de resolución do Xurado de Expropiación, e a empresa BEGASA ten previsto inicia-las obras a principios do próximo ano .

2.- En referencia as “Marquesinas” que se están a facer en todo o Concello, nas que observamos dificultade para acceso de persoas con algunha discapacidade. Preguntamos:

a/ Cando pensan reformar o escalón de acceso según as normas de eliminación de barreiras arquitectónicas como xa lles solicitamos?

Resposta:

A día de hoxe as marquesinas están rematadas unha vez solucionados os problemas de accesibilidade. O escalón de menos de 15 centímetros é absolutamente necesario para evita-lo anegamento da zona de uso en casos de choivas fortes e non se considera que supoña obstáculo ou impedimento ningún para o uso das marquesinas.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que non está en absoluto de acordo coas aclaracións do Sr. Alcalde respecto da existencia de obstáculos na ruta dos muíños, e respecto do escalón dalgunhas das marquesinas de recente construción, toda vez que con unhas reformas mínimas e de baixo custo económico eliminaríanse barreiras que na actualidade impiden a utilización de ditas infraestruturas a persoas con problemas de mobilidade.

Polo Sr. Fernández Basanta preguntase ó Sr. Alcalde se o grupo de goberno vai adoptar algunha medida para que a televisión dixital poida ser vista nos núcleos rurais do Concello.

Polo Sr. Alcalde contéstase que recentemente recibíuse no Concello un escrito da Consellería de Industria comunicando que se procederá a efectua-los traballos de adaptación dos seis reemisores de titularidade municipal existentes no concello,de xeito de que tódalas vivendas teñan acceso o sinal de TDT.

Remata a súa contestación o Sr. Alcalde sinalando que naqueles casos puntuais que por razóns da orografía non sexa posible recibir o sinal a través dos reemisores, existe unha alternativa técnica en fase de estudo, para que nestes casos o sinal poida recibirse vía satélite.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e dez minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo